

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip Juan Rey

CURSO: 5º

MATERIA: lingua Galega e literatura

DEPARTAMENTO:

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|--|--|
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR | |
| B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. | LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. |
| | LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación. |
| B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais | LGB1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. |
| | LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais. |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER | |
| B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dúbidos sentidos bastante evidentes. | LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérbolos, ironías e dúbidos sentidos en textos. |
| B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido. | LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. |
| | LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias. |
| | LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo. |
| B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación. | LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras. |
| | LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos. |
| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR | |
| B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. | LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesión, de maneira xeral, os enunciados. |

| | |
|---|--|
| | LGB3.1.3 Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). |
| | LGB3.1.4 .Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista. |
| B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. | LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte. |
| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | |
| B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | . LGB4.1.1 Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición. |
| | LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos. |
| | GB4.1.5. Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica o verbo e os seus complementos: o suxeito, así como os complementos do nome. |
| B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x. |
| B4.6. Transformar un texto narrativo sinxelo de estilo directo noutro de estilo indirecto. | LGB4.6.1. Transforma un texto sinxelo narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto. |
| B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. | LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras. |
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | |
| B5.1 Escoiatar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral. | LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. |
| B5.2. Ler textos e obras n galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. | LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. |
| B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. | LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. |

2. Avaliación e cualificación

| | |
|----------------------------|--|
| Avaliación | Procedementos: Para avaliar empregaremos as producións do alumnado. |
| | Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">- Kahoot, quizziz, xogos de geneally...- Formularios de Google- Produción do alumnado- Vídeos e audios de Whatsapp- Videoconferencias |
| Cualificación final | A cualificación final do curso será a media das dúas primeiras avaliaci3ns, podendo subir o alumnado ata un máximo de 2 puntos se se considera que o seu rendemento, traballo e coñecemento sobre os contidos permite dita subida. |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|--|
| Actividades | A área de lingua galega e literatura trabállanse 4 veces a semana, nela traballamos desde lecturas, ortografía, gramática, expresión escrita, vocabulario e ditados. Para iso empregamos audios grabado en Google drive, documentos de drive, xogos interactivos... |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | Alumnado con conectividade: Dos 15 alumnos conéctanse con regularidade ao webex 10, os outro 5 son alumnado cun so móbil na casa o que fai bastante difícil a súa conexión. Estes 10, ven as tarefas no Blog de aula e fan as tarefas que envían para a súa revisión a través de imaxes ou escáneos Alumnado sen conectividade: Dos 5 alumnos sen conectividade: dúas traballan mediante videochamada de Whatsapp coa PT, dado que teñen grandes dificultades na comprensión da linguaxe. 1 alumno cun so móbil na casa para compartir co seu irmán, fai o procedemento dos de coactividade, pero as dúbidas respondemoslas por chamada. A outra alumna sen conectividade envíanselle a casa as tarefas mediante os servicios sociais do concello. |
| Materiais e recursos | Os materias e Recursos empregados pódense atopar no blog de aula. Entre eles destacan os vídeos de Youtube, audios, pdf... |

4. Información e publicidade

| | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | Para a comunicación das familias, dado que das 15 so dúas tiñan abalar móbil, decidiuse establecer comunicación mediante grupo de Whatsapp. Dentro deste grupo realízanse as comunicacións oficiais para todas as familias. Realízanse tamén titorías cos pais mediante chamadas, para resolver dúbidas administrativas e educativas. |
| Publicidade | Será publicado na páxina web |